

NOME DA ACTIVIDADE (Ficha alumnado)

- **Imos ao cine**

ENUNCIADO DA ACTIVIDADE

Tes nas túas mans a carteleira da semana. Despois dunha lectura individual e silenciosa escolle a película que che gustaría ver e anota na ficha o título, as razóns da túa elección e as perspectivas que che crea o resumo da película, o que che contasen dela, ou o director, guionista, etc., que puideron guiar o teu criterio.

Despois vaslles explicar aos compañeiros as razóns de por que queres ver esa película e tratarás de convencelos de que é a mellor e é a que tendes que ir ver.

MATERIAIS DA FICHA

<i>Título da película:</i>
Sinopse:
Razóns da escolla:
Expectativas:

O labirinto do fauno. Guillermo del Toro

Ano 1944, hai cinco anos que rematou a Guerra Civil española. Ofelia, unha nena de trece anos, trasládase canda a súa nai, Carmen, que está a piques de dar a luz, a unha aldea na que vive Vidal, o novo marido da nai, polo que Ofelia non ten aprecio ningún. Vidal é un capitán do exército franquista encargado de rematar cos restos da resistencia republicana da zona. No muíño, centro de operacións de Vidal, viven tamén Mercedes e o médico da aldea. Un día Ofelia atopa nas ruínas dun labirinto a un fauno que lle fará unha inquietante revelación.

Pan's labyrinth, España e México, 2006

Xénero e duración: Drama/ Fantástico, 112

Dirección: Guillermo del Toro

Reperto: Sergi López (Vidal), Maribel Verdú (Mercedes), Ivana Baquero (Ofelia), Álex Angulo (doutor), Ariadna Gil (Carmen), Doug Jones (fauno), César Bea (Serrano), Manuel Solo (Garcés), Roger Casamajor (Pedro).

Eu son a Juani. Bigas Luna

Juani é unha rapaza nova con moitos problemas na casa e co mozo co que leva desde os quince anos. Un día, farta dos celos e indecisións do mozo, decide romper con todo, saír adiante e loitar polo que ela quere. Juani soña con ser actriz e que ninguén dubide que o ha conseguir.

Yo soy la Juani, España, 2006

Xénero e duración: Comedia dramática, 90'

Dirección: Bigas Luna

Interpretación: Verónica Echegui (Juani), Dani Martín (Jonah), Laya Martí (Vane), Gorka Lasasa (Nacho), José Chaves (Pai de Juani), Mercedes Hoyos (Nai de Juani), Marcos Campos (Marcos), Manuel Santiago (Raúl), Ferran Madico (Olavarría), Benito Sagredo (el Capi), Gaelle Diego (Loles).

Chamando ás portas do ceo. Wim Wenders

O antigo ídolo de masas Howard Spence tivo unha vida plena rodeado de mulleres fermosas e relacións moi axitadas. Con máis de cincuenta anos Howard está farto de si mesmo, gasta o seu tempo entre o alcohol e as mulleres, e da porta da súa casa con rodas colga un cartel que di 'Non veñan chamando'. O que en realidade esconde esta actitude é a necesidade e o desexo de axuda e comprensión.

Don't come knocking , Alemaña, EUA e Francia, 2005

Xénero e duración: Drama, 122'

Dirección: Wim Wenders

Reparto: Sam Shepard (Howard Spence), Jessica Lange (Doreen), Tim Roth (Sutter), Sarah Polley (Sky), Gabriel Mann (Earl), Eva Marie Saint (nai de Howard), Fairuza Balk (Amber), James Gammon, Marley Shelton (Starlet), George Kennedy (Director), Tom F. Farrell (Cliff Ormsby).